



Fontes de variación nas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) nos sistemas leiteiros da España húmida

Preséntanse os resultados do traballo de investigación levado a cabo co obxectivo de estimar os GEI que emiten as explotacións cántabras e de buscar relacións cos factores de produción que proporcionen estratexias de mitigación.

G. Salcedo

CIFP La Granja, 39792, Heras, Cantabria
gregoriosal57@gmail.com

INTRODUCCIÓN

Os sistemas leiteiros de Cantabria, e por extensión á cornixa cántabrica, poden ser clasificados en intensivos (I_n), semiintensivos (S_e) e extensivos (E_x). Os *inputs* son maiores nos primeiros e menor a superficie; a intensificación forraxeira é a base dos segundos e no aproveitamento da herba os extensivos. O proceso de intensificación do sector leiteiro en Cantabria está caracterizado por unha alta carga gandeira, elevada porcenta-

xe de concentrado, a mellora xenética e unha gran produción de leite por hectárea. Con todo, os efectos da intensificación da produción leiteira sobre os impactos ambientais non están do todo clarificados (Bava *et al.*, 2014).

O gando contribúe co quecemento global mediante as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), como o dióxido de carbono (CO_2), procedente da combustión da enerxía fósil e cambio de uso do solo; o metano (CH_4), consecuencia fisiolóxica da fermentación entérica e do esterco nos ruminantes e do óxido nítrico (N_2O), causado polo manexo do esterco, a fertilización e o solo a través dos procesos de nitrificación e desnitrifica-

ción (De Vries e De Boer, 2010). Pola contra, a produción de leite pode contribuír ao secuestro de carbono no solo coa chegada de restos vexetais e esterco (Soussana *et al.*, 2010).

Os modelos de simulación son utilizados para estimar o alcance dos gases producidos nos procesos de produción do leite. Todos eles inclúen factores de emisión relacionados cos diferentes procesos, poden ser empíricos ou estatísticos, simulando procesos mecánicos ou mediante unha análise de ciclo de vida (Rotz, 2017). O DairyCant (Salcedo, 2015) é un modelo empírico baseado na investigación e na análise estatística que simula aspectos de manexo relacionados coa produción e a saúde medio ambiental das explotacións leiteiras.

Diferentes estratexias son consideradas para reducir as emisións de GEI na produción de leite. Entre outras, a alimentación equilibrada contribúe a

► A PRODUCCIÓN DE LEITE E A INXESTIÓN DE ALIMENTO SON DOUS DOS PARÁMETROS MÁIS INFLUENTES NAS ESTIMACIÓNS DA PEGADA DE CARBONO

reducir o metano entérico (van Middelaar *et al.*, 2013; van Gastelen *et al.*, 2015), incrementar a eficiencia na conversión de alimento a leite (Basarab *et al.*, 2013), aumento da produtividade animal (Bell *et al.*, 2011), mellora na produción de alimentos (Kristensen *et al.*, 2011), reducir a compra de alimentos e fertilizantes (Basarab *et al.*, 2013) e maior utilización do pastoreo (O'Brien *et al.*, 2014), o cal proporciona un maior potencial de secuestro de carbono (Zotarelli *et al.*, 2012).

Os obxectivos do presente traballo foron estimar os GEI a tres niveis (hectárea, unidade de gando maior e litro de leite) e a procura de relacións cos factores de produción que proporcionen estratexias de mitigación.

MATERIAL E MÉTODOS

Descrición das explotacións

Un total de 174 granxas leiteiras foron enquisadas e analizadas baixo unha perspectiva de análise de ciclo de vida, co modelo de simulación DairyCant (Salcedo, 2015) durante o período 2014-2018. A mostra representou o 13,9 % das 1.247 explotacións leiteiras existentes en Cantabria (ICANE, 2018). As entrevistas in situ incluían cuestións relacionadas con: i) localización, ii) base territorial e distribución forraxeira, iii) fertilización, iv) composición e manexo do rabaño, v) alimentación dos animais, vi) produción e composición química do leite, vii) maquinaria e viii) consumo de enerxía.

As características técnico-productivas das explotacións indícanse na táboa 1. O manexo e a dedicación da forraxe presentaron gran variabilidade entre explotacións. Os cultivos forraxeiros representan o 16,8±21,6 % da superficie agrícola útil (SAU), onde o 15,4±20,7 % corresponde a millo en rotación con *Lolium multiflorum*. A sementeira daquel realízase a primeiros de maio e recóllese cara a media-

dos de setembro, con rendementos variables de 9 a 13 t MS ha⁻¹, conservándose en silos trinchreira. Mentres, o *Lolium multiflorum* utilízase para ensilado nun ou dous aproveitamentos, ou ben dous cortes en verde e un terceiro para ensilado, con rendementos medios de 6,5 t MS ha⁻¹. O 28,7 % das explotacións mostreadas conservan a herba en silos trinchreira e o 71,3 % en microsilos e similar porcentaxe do 76,1 % para o raigrás italiano. A produción de forraxe foi de 7159±2148 kg de materia seca por hectárea (táboa 1). Os alimentos producidos representan o 51,9±14,5 % do total inxerido.

A produción media de leite anual por vaca, hectárea e explotación é de 8,5±2,3; 17,2±10,9 e 582±655 toneladas, respectivamente. O 40,2 % das explotacións ofrecen os alimentos como unha ración total mesturada. A eficiencia alimenticia (kg leite/kg MS inxerida) é de 1,19±0,25 kg para as vacas de leite, reducíndose ata 0,82±0,21 litros ao considerar todos os animais da explotación. Os xatos son vendidos aos 10-15 días de nacer e o 39,6±11,8 % das femias críanse para reposición (táboa 1). ►►



FROM 2GAMMA THE INVENTOR OF OXYGEN BARRIER SILAGE FILM

La Barrera de Oxígeno EVOH

protege su silo bloqueando la transpiración.

La Película de plástico para ensilaje con Barrera de Oxígeno EVOH.

- ✓ Barrera de Oxígeno EVOH.
- ✓ Anchura: desde 4 a 64 mt. Longitud: hasta 600 mt.
- ✓ Adecuado para todas las necesidades

NUEVO SEALPLUS CON 9 CAPAS

100 VECES MEJOR QUE UN PLASTICO DE PE TRADICIONAL



SealPlus Underlay Beige 45µ



SealPlus Film Beige/Black 80µ



SealPlus Film Beige/Black 150µ




SealPlus Film Wall 75 e 110µ



SealPlus Stretch Gold Bale Wrap 25µ



SealPlus Sack for Silage EVOH Oxygen Barrier





SealPlus - 2 Gamma Srl
Corso Inghilterra 15, Mondovì, CN - Tel.: +39 0174 597679
www.sealplus.com - info@sealplus.com

Distribuido por:

AGUSTÍ PLA NESPLE - TONA (BCN)

Mobil: +34 609 729711 - Mail: agustipla@hotmail.com




Táboa 1. Características técnico-productivas das explotacións (n=174)

Fontes de variación	Media	CV (%)
Animais		
Vacas de leite	69	89,8
Vacas secas	11	90,9
Xovencas < 1 ano	26	107
Xovencas > 1 ano	26	96,1
Carga gandeira, UGM ha ⁻¹	3,25	52,3
Reposición < e > 1 ano, %	39,6	29,8
Terra		
SAU, ha	36,4	53,8
Pradeira, ha	29,0	57,2
Superficie de pradeira dedicada a herba verde, %	43,4	82,0
Superficie de pradeira dedicada a ensilado hierba, %	56,8	62,5
Superficie millo, ha	6,8	172
SAU, millo %	15,4	134
Cultivos forraxeiros UGM ⁻¹	0,051	129
Raigrás italiano despois do millo, ha	6,8	170,5
Herba para ensilado, kg MS ¹	2596	62,0
Herba para consumo en verde, kg MS ¹	2140	86,5
Millo para ensilado, kg MS ¹	3174	54,7
Raigrás italiano para ensilado, kg MS ¹	2163	51,4
Materia seca final, kg ha ⁻¹	7159	30
Alimentos e fertilizantes		
Compra concentrados, t ha ⁻¹	8,2	73,1
Compra forraxes, t ha ⁻¹	2,9	116,4
Fertilizante, kg N ha ⁻¹	25	200
Fertilizante, kg P ha ⁻¹	15	2137
Fertilizante, kg K ha ⁻¹	9	211
Orgánico, kg N ha ⁻¹	329	72
Orgánico, kg P ha ⁻¹	37	145,9
Orgánico, kg K ha ⁻¹	280	53,9
Fertilizante nitrogenado millo, kg N ha ⁻¹	122	54,1
Producción de leite		
Leite ECM, t explotación	582	97
Leite ECM t ha ⁻¹	17,2	62,7
Leite vaca leiteira ano, t ECM ano ⁻¹	8,5	27,6
Eficiencia utilización do N, % VL	26,3	20,9
Eficiencia utilización do N, % CR	17,9	34,6
Eficiencia, litros leite kg ⁻¹ MS inxerida vaca leiteira	1,19	21
Eficiencia, litros leite kg ⁻¹ MS conxunto rabaño	0,82	25,6

SAU: Superficie Agrícola Útil; 1: proporcional á % de SAU; ECM: leite corrixido por graxa; VL: vacas leiteiras; CR: conxunto rabaño; CV: coeficiente de variación

ra caso, a UF debe ser fácil de definir e medir (ISO, 1997). As UF utilizadas neste traballo foron: i) unha hectárea, ii) unha unidade de gando maior (UGM) e iii) un litro de leite corrixido por enerxía (ECM) á saída da explotación (Sjaunja *et al.*, 1990).

Descrición e compoñentes do DairyCant

O DairyCant é un modelo empírico baseado na investigación e na análise estatística que simula aspectos de manexo relacionados coa produción e a saúde ambiental das explotacións leiteiras. O modelo estima os fluxos de N e C das explotacións leiteiras da España húmida, así como a maior parte das emisións de gases de efecto invernadoiro e diferentes impactos ambientais, entre outros a eutrofización e acidificación potencial, ocupación do territorio e o uso indirecto do solo. Os balances (entradas/saídas) de C, N e P foron modelizados a nivel animal, explotación e solo para os sistemas de produción leiteira extensivos, semiintensivos e intensivos respectivamente.

Porcentaxe de CO_{2-eq} atribuída ao leite e á carne

Ademais do leite, todas as explotacións venden xatos e vacas de desvelle; por tanto, unha determinada porcentaxe das emisións é asignada á produción de leite ou de carne (Cederberg e Stading, 2002). A asignación estimouse polo método do IDF (2010) usando a fórmula $AF = 1 - 5,7717 \times R$, onde AF é o factor de asignación; $R = M \text{ carne} / M \text{ leite}$; $M \text{ carne}$ = suma de peso vivo vendido de todos os animais por hectárea e $M \text{ leite}$ = é a suma do leite vendido por hectárea.

Emisións indirectas atribuídas ao cambio indirecto de uso do solo e pola importación de soia

O factor de emisión de 143 g CO₂ (Audsley *et al.*, 2009) foi asumido para o cambio indirecto de uso do solo (iLUC) e 2,98 kg CO₂ por quilo de soia importada (FAO 2010) citado por Battini *et al.* (2016), excluíndose do cálculo para esta última ás explotacións ecolóxicas.

Secuestro de carbono

O secuestro de carbono no solo estimouse conforme a Petersen *et al.* (2013), considerando as entradas de xurro mais os restos vexetais das colleitas por riba do solo e as raíces por baixo. ►

UNIDADE FUNCIONAL E LÍMITES DO SISTEMA

A metodoloxía de avaliación do ciclo de vida require dunha unidade funcional (UF), que é un atributo do produto ou sistema e se utiliza como un

escalar cuantitativo para fins de comparación, no noso caso sistemas de produción. Pode haber máis dunha UF porque un sistema pode ter unha serie de funcións posibles. En calque-



EasyCut TS/TC

Segadoras de discos arrastradas



- Modelos con brazo lateral (TS) y brazo central (TC)
- SmartCut: hilera sin dejar franjas
- SafeCut: discos protegidos individualmente



PRÓXIMA APERTURA

Táboa 2. Componentes principais (CP)

Variables	CP1	CP2	CP3
UGM ha ⁻¹	0,972		
Compra forraxe e concentrado, kg ha ⁻¹	0,954		
Litros leite por hectárea	0,895		
SAU millo, %		0,930	
Superficie de cultivos forraxeiros, ha UGM ⁻¹		0,927	
SAU millo, ha		0,817	
Superficie total da explotación, ha ⁻¹			0,962
Vacas leiteiras totais			0,698
Autovalor	3,19	2,56	1,62
Varianza, %	52,1	26,9	13,8
Varianza acumulada, %	52,1	78,4	92,3

Considerouse un contido en carbono da biomasa vexetal do 45 %, mentres que o do xurro foi estimado para un contido en materia seca do 10,6±2,6 %, relación C/N de 11,9 e un contido en materia orgánica do 74±8,8 % (Salcedo, 2011).

Análise estatística

A tipoloxía de explotacións foi desenvolvida a partir da metodoloxía descrita por Toro-Mújica *et al.* (2012), consistente en tres etapas: revisión e selección das variables, análises de compoñentes principais e análises clúster (Köbrich *et al.*, 2003). Inicialmente obtivéronse 33 indicadores técnicos-productivos utilizados para describir os sistemas de vacún de leite. As variables iniciais constituíron indicadores relacionados coa produción, o tamaño, o uso e tenza da terra. A partir daquelas variables obtéñense 252 saídas do modelo de simulación DairyCant (Salcedo, 2018), agrupándose en i) produción de forraxes; ii) alimentación; iii) produción e calidade do leite; iv) excreción de esterco, N e P; v) balance de nutrientes da explotación; vi) produción de gases de efecto invernadoiro e impactos ambientais e vi) balance de N e P no chan.

Nunha primeira fase seleccionáronse 33 variables, aquelas cun coeficiente de variación superior ao 60 % (táboa 1). Máis tarde analizouse a matriz de correlacións para descartar as variables non correlacionadas e a de menor coeficiente de variación de cada par con dependencia lineal. Neste proceso de selección resultaron 8 variables: i) carga gandeira, UGM ha⁻¹; ii) compra de forraxe e concentrado, kg ha⁻¹; iii) produción de leite por hectárea, litros ha⁻¹; iv) porcentaxe de SAU de millo; v) superficie de cultivos forraxeiros por UGM; vi) SAU de millo, ha; vii) superficie total da explotación, ha e viii) vacas de leite totais.

Nunha segunda fase utilizouse unha análise de compoñentes principais para reducir o número de variables e resumir a maior parte da variabilidade. As 8 variables seleccionadas foron estandarizadas para evitar a influencia polo uso de diferentes escalas (Uriel e Aldas, 2005). Unha vez seleccionados os compoñentes, aplicouse a rotación ortogonal varimax para relacionar máis facilmente as variables iniciais cos compoñentes obtidos (Gelasakis *et al.*, 2012). A proba de esferidade de Barlett e o índice Kaiser-Mayer-Okin (KMO) foron aplicados para verificar a adecuación de compoñentes principais (Gelasakis *et al.*, 2012).

Nunha terceira fase, as explotacións foron clasificadas en grupos utilizando unha análise clúster cos compoñentes seleccionados. Utilizouse unha análise clúster xerárquica baseada nas distancias Euclidiana, Euclidiana ao cadrado e o Manhattan co método de Ward, o cal optimiza a variabilidade dentro dos clústeres (Uriel e Aldas, 2005). As tres agrupacións foron testadas mediante unha análise discriminante e análise de varianza. Finalmente, para caracterizar e comparar os grupos identificados utilizouse ANOVA co test de Tukey co paquete estatístico (SPSS, 2006).

As relacións entre a pegada de carbono do leite e as características individuais das explotacións son medidas usando o coeficiente Pearson, cando os datos son normalmente distribuídos e o de Spearman rho cando non o son. Unha análise de regresión de mínimos cadrados usouse para avaliar as relacións entre a pe-

gada de carbono e as características técnico-productivas das explotacións.

RESULTADOS

Características técnico-productivas das explotacións

A proba de esferidade de Barlett foi significativa ($P < 0,001$) e a proba de KMO de 0,74, indicando a adecuación dos datos á análise de compoñentes principais. Seleccionáronse os tres primeiros compoñentes, cun autovvalor maior que 1 (Uriel e Aldas, 2005), que explicaron o 92,3 % da variabilidade orixinal (táboa 2).

O primeiro compoñente principal explicou o 52,1 % da variabilidade e relacionouse coa produtividade das explotacións. Puntuacións elevadas corresponden a explotacións de maior número de animais, consumo de concentrado e produción de leite. O segundo compoñente principal refírese ao uso da terra, que xustificou o 26,2 % da varianza e indica a relación entre a actividade agrícola e a produción final forraxe. Puntuacións elevadas neste compoñente correspóndense con explotacións de maior orientación agrícola á produción de forraxes respecto da produción de herba. O terceiro compoñente principal describe a dimensión, revelando o 13,8 % da variabilidade e indica a relación existente a superficie total e o número de vacas leiteiras na explotación.

A agrupación óptima foi de 3 clústeres coa distancia Euclidiana, conformados por: grupo I: 70 explotacións (40,2 %); grupo II: 49 explotacións (28,1 %) e grupo III: 55 explotacións (31,6 %) [figura 1]. ►►



Expertos en silaje.

- Tenemos programas de mejora de maíz **específicos para silo**.
- **Seleccionamos**, además de por el rendimiento en grano, por digestibilidad de la fibra, el tipo de grano y alto stay green.
- Nuestro **equipo técnico comercial está altamente capacitado** para asesorar a los ganaderos y contribuir para lograr la mayor transformación a leche o carne.
- Resultado de todo este trabajo, **somos la empresa número 1 en ventas de maíz para silo en Europa***.


*AMIS Kleffmann 2019.

www.kws.es

**SEMBRANDO
EL FUTURO
DESDE 1856**



Figura 1. Posición das explotacións conforme ás puntuas obtidas para CP1 e CP2



A análise discriminante clasificou de maneira correcta o 85,6 % das explotacións. Na táboa 3 móstranse as diferenzas e similitudes dos grupos identificados.

Con base nesta información descríbese a seguinte tipoloxía:

Grupo I: explotacións intensivas (I_n)
Este grupo concentra o 40,2 % das explotacións. Trátase de granxas con maior número de vacas leiteiras e produción de leite por hectárea (táboa 3). A compra de alimentos representa o 54,5±12,5 %, dos cales, o 72,3±13,1 % son concentrados. A alfalfa e a palla de cereais son a forraxes maioritariamente comparados. O concentrado simboliza o 46,8 % da dieta das vacas leiteiras. O número de UTA (unidades de traballo agrario) e a produción de leite por UTA foron estatisticamente similares entre sistemas leiteiros. ►►

Táboa 3. Comparación de explotacións (media ± desviación estándar)

	Grupo de explotacións (%)		
	I Intensivas (40,2%)	II Semiintensivas (28,1%)	III Extensivas (31,6%)
Rabaño			
Vacas de leite	87±82b	72±46b	44±27a
Vacas secas	13±12b	12±10ab	9±7a
Xovencas < 1 ano	33±38b	27±22b	16±10a
Xovencas > 1 ano	31±31b	28±33b	17±12a
UGM ha ⁻¹	4,6±1,6c	2,9±1,2b	1,7±0,5a
Xovencas substitución, %	38,6±10,6a	40±14a	40±11a
Vacas leite ha ⁻¹	2,8±1,0c	1,7±0,69b	1,02±0,34a
Uso da terra e fertilización			
Superficie, ha	29,4±21,4a	39,3±15,9b	42,7±17,7b
Pradeira, ha	24,2±14,4a	21,5±8,3a	41,7±17,5b
Dedicado a verde, %	34,4±34,7a	24,3±25,2a	71,9±26,4b
Dedicado a ensilado, %	65,5±34,7b	76±25b	28,6±26,3a
Millo, ha	5,1±11,3b	16,1±12,9c	0,6±2a
Raigrás italiano despois de millo, ha	4,9±11,3b	16±12,7c	0,79±2,4a
Cultivos forraxeiros, % da SAU	11,7±17,3b	40,5±18,4c	2,0±6,5a
Fertilizantes, kg N ha ⁻¹	27,2±49b	44±68b	6±16,2a
Fertilizantes, kg P ha ⁻¹	18±44b	24±23b	5±16a
Fertilizantes, kg K ha ⁻¹	8±17a	16±23b	4,4±15,9a
N orgánico, kg ha ⁻¹	492±237c	334±164b	118±65a
Fertilizante millo, kg N ha ⁻¹	154±71b	106±58a	98±49a
Produción de forraxes e alimentación			
Materia seca, t ha ⁻¹	6,8±1,6b	9,2±2,2c	5,8±0,80a
Alimentos producidos na explotación, %	45,4±12,5a	54,0±10,9b	58,2±16,3b
Alimentos comprados, %	54,5±12,5b	45,9±10,9a	41,7±16,3a
Pensos comprados, t ha ⁻¹	12,3±6,3c	7,8±4,2b	3,4±2,3a
Forraxes compradas, t ha ⁻¹	4,9±4,3b	1,7±1,6a	1,4±1,4a
Ensilado de millo, % ¹	8±9b	20,6±10,5c	4,4±9,6a
Ensilado de herba e raigrás, % ¹	19,9±9	17,3±10	17,2±10,6
Herba seca, % ¹	16,6±10,4b	9±10a	18±13,4b
Herba verde, % ¹	8,6±12,6a	9±15,6a	22,4±17,4b
Concentrados, % ¹	46,8±10,2b	44,1±9,2b	38±13,7a
Produción de leite			
Leite vaca leiteira ano, t ano ⁻¹	8,7±1,9b	9,7±2,4c	7,3±2,2a
Leite, t ha ⁻¹	24,1±10,2c	17,2±8,9b	7,5±3,5a
Leite explotación, t ano ⁻¹	744±841b	650±566b	315±273a
Eficiencia utilización do N, % VL	26,4±4,5b	29,4±6,4c	23,4±4,1a
Eficiencia utilización do N, % CR	17,1±4,6a	21,7±7,5b	15,4±5,0a
Eficiencia alimenticia, L leite kg ⁻¹ MS inxerida VL	1,18±0,2	1,23±0,26	1,16±0,29
Eficiencia alimenticia, L leite kg ⁻¹ MS inxerida CR	0,83±0,19b	0,88±0,21b	0,73±0,24a
Man de obra			
Total, UTA	4,44±2,9	3,26±1,52	3,15±1,16
T leite UTA ⁻¹	224±57	195±69	202±51
Man de obra asalariada, %	34,9±29,1	25,8±22,8	23,7±17,8
Man de obra familiar, %	65±29,1	74,1±22,8	76,2±17,8

VL: vaca leiteira; CR: conxunto rabaño; UTA: Unidade de Traballo Agrario; ¹: porcentaxe de alimento incluído na dieta das vacas leiteiras; a, b, c, medias con diferente letra dentro da mesma fila difiren significativamente P<0,05

Nº1
EN PRODUCCIÓN
Y COSTES
 (30€ bolsa de
 55.000 semillas)



RUMBOSOL-91

EN EL EQUILIBRIO ESTA LA **CALIDAD**

ENSILADO DE GIRASOL + ENSILADO DE MAÍZ = **LECHE CARDIOSALUDABLE**

PERFIL DE ÁCIDOS GRASOS DE LA LECHE DE VACA CON INGESTA DE ENSILADOS DE GIRASOL Y MAÍZ A DIFERENTES PORCENTAJES

ÁCIDOS GRASOS lg 100g - 1	100G - 0M%	67G - 33M%	33G - 67M%
CLA ruménico	0,76	0,60	0,473
Omega 3	0,505	0,429	0,365
Saturados	67,7	70,6	72,88
Insaturados	32,2	29,3	27,3

FUENTE: EFECTOS DEL PORCENTAJE DE ENSILADOS DE GIRASOL INCLUIDO EN LA DIETA DE VACAS LECHERAS.
 CONGRESO DE PASTOS TERUEL 2018

Forraje protéico de alta energía de bajo coste (0'90 UFL)



PROMOTEC-PG S.L.
 rafa@promotecpg.es
 Tlf. 976 487 293 / 670 098 038

Grupo II: explotacións semiintensivas (S_e)

Este grupo reúne o 28,1 % das explotacións e basean a súa produción na intensificación forraxeira, con rendementos medios de $9,2 \pm 2,2$ t MS ha⁻¹. A sementeira de cultivos forraxeiros (principalmente millo e raigrás italiano) representa o $40,5 \pm 18,4$ % da SAU. O 82 % da dieta compónena os ensilados de millo e de herba e concentrado.

Grupo III: explotacións extensivas (E_x)

Estas explotacións representan o 31,6 %, dispoñen de menor carga gandeira e inferior produción de leite por vaca e hectárea (táboa 3), pero similar porcentaxe de alimentos comprados aos semiintensivos (táboa 3). A pradería representa o 97,6 % da SAU, aproveitándose en verde (dente ou presebe) o 71,9 % e a diferenza a 100 como ensilado ou herba seca. A man de obra familiar representa o 76,2 % neste tipo de explotacións.

Emisións de gases de efecto invernadoiro e as súas relacións co manexo

As porcentaxes de metano (CH_4), dióxido de carbono (CO_2) e óxido nítrico (N_2O) por hectárea, unidade de gando maior (UGM) e litro de leite ECM no conxunto de explotacións foron do $55,9 \pm 3,8$ %, $28,2 \pm 3,8$ % e $15,8 \pm 2,0$ %, respectivamente.



As emisións de CH_4 por hectárea foron superiores nos intensivos ($P < 0,05$), e as menores nos extensivos, sen diferenzas porcentuais entre sistemas de produción respecto das totais (táboa 4). A carga gandeira e a produción de leite relacionáronse positivamente, equivalente a 165 kg CH_4 UGM⁻¹ e $0,026$ kg CH_4 por litro de leite (figura 2A e B) e negativamente, co consumo de concentrado por UGM en $-0,35$ quilos (figura 2C). Mentres, o metano por UGM foi menor ($P < 0,05$) nos extensivos (E_x), sen diferenzas entre os intensivos (I_n) e semiintensivos (S_e) [táboa 4].

En calquera caso, o metano por UGM relacionouse positivamente coa inxestión de materia seca vaca leiteira e día; o consumo de concentrado vaca ano e os litros de leite por hectárea (figura 2D, E e F) con pendentes medias de 3,87; 0,01 e 0,001 kg, respectivamente. O metano por litro de leite foi un 16,4 % inferior nas explotacións S_e ($P < 0,05$) respecto dos I_n e 33,3 % aos E_x (táboa 4). As variables mellor relacionadas foron a produción de leite vaca e día, eficiencia de alimentación en li-

tros de leite por quilo de materia seca ingerida en todos os animais (EA_{todos}) e a eficiencia de utilización do nitróxeno da dieta en todos os animais (NUE_{todos}), obténdose pendentes medias de -1,29; 39,4 e $1,56$ g L⁻¹ leite ECM respectivamente (figuras 2G, H e I).

Táboa 4. Emisións de gases de efecto invernadoiro por hectárea (media $\pm$ desviación estándar)

Grupo de explotacións (%)			
	I Intensivas (40,2 %)	II Semiintensivas (28,1 %)	III Extensivas (31,6 %)
CH₄, kg			
Entérico	575 $\pm$ 221c	381 $\pm$ 164b	198 $\pm$ 70a
Esterco	157 $\pm$ 62c	103 $\pm$ 45b	54 $\pm$ 19a
kg hectárea ⁻¹	732 $\pm$ 282c	484 $\pm$ 209b	252 $\pm$ 89a
kg UGM ⁻¹	157 $\pm$ 16b	163 $\pm$ 19b	142 $\pm$ 18a
g L ⁻¹ ECM	33,1 $\pm$ 8,3b	28,5 $\pm$ 8,5a	38 $\pm$ 16,6b
% sobre total en CO _{2-eq}	55,3 $\pm$ 3,3	55,8 $\pm$ 3,5	56,6 $\pm$ 4,5
CO₂, kg			
Gasóleo	1383 $\pm$ 494c	877 $\pm$ 351b	531 $\pm$ 164a
Electricidade	953 $\pm$ 383c	655 $\pm$ 340b	304 $\pm$ 132a
Fertilizantes nitróxenos	120 $\pm$ 163b	244 $\pm$ 367c	21 $\pm$ 55a
Fertilizantes fosfatados	12 $\pm$ 19b	22 $\pm$ 22c	3 $\pm$ 9a
Forraxes compradas	1312 $\pm$ 1248b	476 $\pm$ 728a	319 $\pm$ 402a
Concentrados comprados	4259 $\pm$ 2276c	2526 $\pm$ 1402b	1199 $\pm$ 766a
Plásticos	3 $\pm$ 2,75b	5 $\pm$ 3c	0,76 $\pm$ 1,4a
Sementes	2,3 $\pm$ 3,5b	8,2 $\pm$ 4,4c	0,32 $\pm$ 0,99a
Actividades agrícolas	229 $\pm$ 116a	378 $\pm$ 136b	193 $\pm$ 108a
Aplicación xurro	102 $\pm$ 45c	70 $\pm$ 31b	32 $\pm$ 15a
Compra xovencas	0,83 $\pm$ 2,2b	1 $\pm$ 2,2b	0,02 $\pm$ 0,13a
kg hectárea ⁻¹	8377 $\pm$ 3842a	5262 $\pm$ 2563b	2605 $\pm$ 1251c
kg UGM ⁻¹	3300 $\pm$ 348b	3422 $\pm$ 409b	2987 $\pm$ 374a
kg L ⁻¹ ECM	0,37 $\pm$ 0,09b	0,30 $\pm$ 0,08a	0,37 $\pm$ 0,1b
% sobre total en CO ₂	29,5 $\pm$ 3,1b	28,1 $\pm$ 3,4b	26,6 $\pm$ 4,3a
N₂O, kg			
Excretado en establo	2,8 $\pm$ 1,3c	1,9 $\pm$ 0,9b	0,69 $\pm$ 0,38a
Aplicación de fertilizantes	0,22 $\pm$ 0,30c	0,44 $\pm$ 0,68b	0,04 $\pm$ 0,10a
Volatilización	0,49 $\pm$ 0,78b	0,57 $\pm$ 0,55b	0,18 $\pm$ 0,35a
Lixiviados	0,71 $\pm$ 0,63b	0,75 $\pm$ 0,35b	0,19 $\pm$ 0,27a
Achegas xurro	1,01 $\pm$ 0,9b	0,67 $\pm$ 0,62b	0,30 $\pm$ 0,21a
Fixación biolóxica	1,11 $\pm$ 1,7b	0,82 $\pm$ 1,0b	0,26 $\pm$ 0,36a
Rume	0,55 $\pm$ 1,2b	0,08 $\pm$ 0,10a	0,14 $\pm$ 0,26a
Gasóleo	1 $\pm$ 1a	0,90 $\pm$ 0,74a	0,70 $\pm$ 0,64a
Compra fertilizantes nitróxenos	0,30 $\pm$ 0,63	0,17 $\pm$ 0,34	0,12 $\pm$ 0,33
Forraxes compradas	1,48 $\pm$ 1,9b	0,34 $\pm$ 0,56a	0,59 $\pm$ 0,58a
Concentrados comprados	2,1 $\pm$ 2,2b	1,3 $\pm$ 1,5a	0,71 $\pm$ 0,65a
Mineralización e restos vexetais	1,64 $\pm$ 1,2b	1,24 $\pm$ 0,76a	1,03 $\pm$ 0,5a
kg hectárea ⁻¹	13,4 $\pm$ 5,3a	9,2 $\pm$ 3,6b	5 $\pm$ 1,7c
kg UGM ⁻¹	2,92 $\pm$ 0,53a	3,15 $\pm$ 0,49b	2,86 $\pm$ 0,57a
g L ⁻¹ ECM	0,61 $\pm$ 0,16a	0,55 $\pm$ 0,18a	0,76 $\pm$ 0,38b
% sobre total en CO _{2-eq}	15,1 $\pm$ 1,6a	15,9 $\pm$ 1,8b	16,7 $\pm$ 2,2c

Figura 2. Relacións entre a produción de CH_4 por hectárea, UGM e litro leite ECM

 Figura 3. Relacións entre a produción de CO_2 por hectárea, UGM e litro de leite ECM


O dióxido de carbono (CO_2) representou o $28,3 \pm 3,8$ % do total de emisións por hectárea, con máximos del $29,5 \pm 3,1$ % nas In e mínimos de $26,6 \pm 4,3$ % as Ex (táboa 4). Porcentualmente, estas últimas explotacións emiten un 69 %, 9,5 % e 9,8 % menos por hectárea, UGM e por litro de leite ECM respecto das intensivas. A enerxía, a compra de alimentos e as actividades agrícolas contribuíron co

98 %, 94 % e 99 % do total de CO_2 por hectárea para as explotacións In, Se Ex, respectivamente. O fertilizante nitróxeno representou a maior porcentaxe de CO_2 da compra de fertilizantes (táboa 4) e entre sistemas, a maior proporción localizouse nos S_e ($P < 0,05$), atribuído á maior superficie de millo (táboa 3). A compra de concentrado constituíu o 51 %, 48 % e o 46 % do total do CO_2 por hectárea


para as granxas I_n , S_e e E_x , respectivamente.

A carga gandeira, a compra de forraje e concentrado e o gasóleo relacionáronse positivamente coas emisións de CO_2 por hectárea (figuras 3A, B e C), con pendentes medias de $1984 \text{ kg CO}_2 \text{ UGM ha}^{-1}$, $0,41 \text{ kg CO}_2 \text{ kg}^{-1}$ alimento comprado e $21,3 \text{ kg CO}_2 \text{ L}^{-1}$ gasóleo. De igual modo, os quilos de $\text{CO}_2 \text{ UGM}^{-1}$ relacionáronse positivamente cos quilos de concentrado vaca leiteira ($R^2=0,39$); a produción de leite por hectárea ($R^2=0,32$) e o CO_2 debido á compra de soia ($R^2=0,16$) [figuras 3D, E e F] con pendentes medias de 0,23; 0,02 e 0,09 kg CO_2 respectivamente. Mentres e por litro de leite, os quilos de penso por litro de leite ECM relacionáronse positivamente e negativamente coa produción de leite vaca e día e a eficiencia alimentación (EA todos), obténdose pendentes medias de +0,47; -0,001 e -0,27 $\text{kg CO}_2 \text{ L}^{-1} \text{ ECM}$, respectivamente (figuras 3G, H e I).

As emisións de N_2O foron diferentes entre sistemas de produción, con valores medios de $9,59 \pm 5,3 \text{ kg N}_2\text{O}$ por hectárea (táboa 4). As intensivas reflectiron porcentaxes superiores por hectárea do 31 % ás S_e e 62,6 % as E_x ($P < 0,05$), sen diferenzas significativas por UGM respecto das E_x , pero superior por litro de leite as E_x ($P < 0,05$), sen diferenzas respecto das S_e (táboa 4).

O 83,1 % do total de N_2O emitido por hectárea en In, 77,9 % en S_e e o 85,6 % en E_x procede das excretas no establo, achegas de xurro, fixación biolóxica, compra de gasóleo e alimentos, mineralización e restos vexetais. A compra de gasóleo (L ha^{-1}), a achega de N ao solo (xurro e fertilizante, kg ha^{-1}) e o total de N entrado na explotación (alimentos, fertilizantes, venda de animais, deposición atmosférica e a fixación biolóxica, kg ha^{-1}) manifestaron boa correlación (figuras 4A, B e C). Reducir un litro de gasóleo, un quilo de N (xurro e fertilizante) achegado ao solo e un quilo de N entrado na explotación poden descender as emisións de N_2O en 0,02; 0,02 e 0,022 kg por hectárea respectivamente. O consumo de concentrado por UGM e a produción de leite vaca e día foron relacionáronse positivamente coas emisións de N_2O por UGM (figura 4D e E), pero con baixo coeficiente de determinación. Mentres, a eficiencia de utilización do nitróxeno da dieta no total ►►

Figura 4. Relacións entre a produción de N₂O por hectárea, UGM e litro de leite ECM



Táboa 5. Pegada de carbono por hectárea, UGM, litro de leite e kg MS dos alimentos (media ± desviación estándar)

	Grupo de explotacións (%)		
	I Intensivas (40,2%)	II Semiintensivas (28,1%)	III Extensivas (31,6%)
Hectárea			
ED, kg CO ₂ -eq ha ⁻¹ A	27942±11213c	18303±7922b	9464±3525a
Secuestro carbono, kg CO ₂ ha ⁻¹	-2180±1277c	-1816±714b	-666±304a
Soia, kg CO ₂ ha ⁻¹ B	4242±2336c	2987±1618b	1159±799a
iLUC, kg CO ₂ -eq ha ⁻¹	602±314c	323±205b	150±104a
ED+SC+Soia+iLUC, kg CO ₂ -eq ha ⁻¹	30655±12569c	19940±8859b	10219±4044a
UGM			
ED, kg CO ₂ -eq UGM ⁻¹	5998±826b	6149±812b	5321±861a
Secuestro carbono, kg CO ₂ UGM ⁻¹	-464±193b	-622±113c	-400±304a
Soia, kg CO ₂ UGM ⁻¹	891±285b	976±315b	624±346a
iLUC, kg CO ₂ -eq UGM ⁻¹	127±39c	105±44b	81±42a
ED+SC+Soia+iLUC, kg CO ₂ -eq UGM ⁻¹	6526±1044b	6676±1038b	5709±1137a
Litro de leite ECM			
ED, kg CO ₂ -eq L ⁻¹ ECM	1,25±0,34b	1,07±0,30a	1,40±0,57b
Secuestro carbono, kg CO ₂ L ⁻¹ ECM	-0,09±0,03a	-0,11±0,04a	-0,11±0,09a
Soia, kg CO ₂ L ⁻¹ ECM	0,18±0,05b	0,16±0,04ab	0,15±0,08a
iLUC, kg CO ₂ -eq L ⁻¹ ECM	0,026±0,09b	0,017±0,007a	0,02±0,11a
ED+SC+Soia+iLUC, kg CO ₂ -eq L ⁻¹ ECM	1,37±0,32a	1,15±0,29a	1,48±0,55b
ED+SC+Soia+iLUC, kg CO ₂ -eq On-farm L ⁻¹ ECM	0,88±0,21a	0,78±0,21a	1,0±0,39b
Dieta			
ED, kg CO ₂ -eq L ⁻¹ ECM	0,38±0,12a	0,31±0,04a	0,57±0,44b
CO ₂ -eq kg ⁻¹ MS ED+Soia+iLUC, kg CO ₂ -eq L ⁻¹ ECM	0,37±0,14a	0,41±0,26a	0,51±0,4b

dos animais da explotación (NUE_{todos}) e a produción de leite por vaca e ano relacionáronse negativamente, con pendentes medias de -0,03 e -0,0001 g N₂O por unidade porcentual e litro de leite, respectivamente. Os quilos de forraxe e concentrado comprados por litro de leite se relacionaron positivamente, cunha pendente de 0,46 g N₂O por quilo (figura 4F, G e H).

Pegada de carbono e a súa relación co manexo (CO₂-eq)

A suma das emisións directas (ED), as atribuídas ao secuestro de carbono (SC), a compra de soia e do uso indirecto do solo (ED+SC+Soia+iLUC) por hectárea foi superior a ED un 9,7 %; 8,9 % e 7,9 % hectárea; 8,8 %; 8,5 % e 7,3 % por UGM e 9,6 %; 7,4 % e 5,7 % por litro de leite ECM para os I_n, S_e e E_x respectivamente (táboa 5). A pegada de carbono por hectárea (ED+SC+Soia+iLUC) difire entre sistemas de produción (táboa 5); mentres, por UGM e litro de leite ECM a menor rexistrouse nos E_x (P<0,05). O maior secuestro de carbono por hectárea localizouse nos I_n (P<0,05); por UGM nos S_e (P<0,05), sen diferenzas significativas por litro de leite entre sistemas de produción (táboa 5).

As variables positivamente e mellor relacionadas coas emisións totais por hectárea para ED+SC+Soia+iLUC no conxunto de exploracións foron a compra de alimentos, a produción de leite, o gasóleo e o surplus de N (figuras 5A, B, C e D), equivalentes a 1,41±0,03 kg CO₂-eq kg⁻¹ (r²=0,91); 1,06±0,03 kg L⁻¹ (r²=0,87); 75,9±2,01 kg L⁻¹ (r²=0,89) e 66±1,9 kg kg⁻¹ (r²=0,87) respectivamente. Mentres, as negativas e por hectárea foron a superficie de pradeira por UGM, equivalentes a 27,8±2,4 t CO₂-eq (r²=0,41) e a porcentaxe de SAU dedicada ao consumo de herba fresca de -172±24 kg CO₂-eq (r²=0,23), figuras 5E e F. Así, unha hectárea de pradeira por UGM e a porcentaxe de SAU dedicada a pradería teñen uns potenciais de mitigación equivalentes a -26,5±2,3 t (r²=0,39) e -170±23,6 (r²=0,23) kg CO₂-eq respectivamente. Os semiintensivos presentaron a menor pendente para o gasóleo 66±6 kg (r²=0,66), o surplus de N (50±4 kg; r²=0,73) e a produción de leite por hectárea 0,76±0,07 kg (r²=0,65 kg) e as máximas nos intensivos. ►

GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
